

ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

Lugar: Sala de conferencias da vicerreitoría do Campus de Pontevedra e Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

Data: 18 de decembro de 2020

Horade comezo: 13:00 h

Horaderemate: 14:50 h

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Ana Belén Fernández Souto, Eva M^a Lantarón Caeiro, Álvaro Xosé López Mira, Lucrecia M^a López Rubianes, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Emma Torres Romay, Vicente Romo Pérez, Sheila Bazo Abeledo; Alejandro Virgós Soto e Xosé Manuel Buxán Bran. Tamén intervén a vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama, o vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno e o decano comisario da futura Facultade de Dirección e Xestión Pública, Enrique José Varela Álvarez.

Desculpa asistencia: Sara María Torres Outón

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimiento.

2. Informe do Presidente

O reitor informa sobre as ferramentas a disposición do profesorado para o 2º cuatrimestre para complementar ás entregadas no 1º cuatrimestre: compra de ordenadores portátiles e tabletas dixitalizadoras para todo o profesorado.

Sobre o Grao en Deseño de Creación lembra que está aínda pendente do informe externo ao SUG. Recorda que é unha titulación clave para o campus de Pontevedra.

Comenta que o Grao en Ciencia de Datos e Intelixencia Artificial (Ourense) está parado en Consello de Goberno ao non estar aberto o mapa de titulacións, pero a Universidade de Santiago tamén fixo unha proposta semellante; polo de agora ten un informe negativo do Consello de Universidades. Informa que no anterior acordo do mapa de titulacións fíxose unha aposta para que a USC se quedara con hostalería como titulación a maiores e finalmente, no Consello Galego de Universidades, se decidiu que será un centro adscrito.

Tamén informa que se está a preparar o prego de condicións para o servizo de reprografía.

O reitor comenta que se está a rematar a primeira fase do plan enerxético do campus de Pontevedra.

3. Informe do vicerreitor do campus de Pontevedra:

O vicerreitor dá a benvida ao sector de estudantes no Consello de campus: Sheila Bazo, Ainhoa Docampo e Alejandro Virgós.

Tamén dá a benvida a Emma Torres e a Enrique Varela, como novos decanos. Agradece tamén ao vicerreitor de Economía e á vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais a súa presenza. O vicerreitor informa das obras realizadas no campus:

- Cambiouse todo o sistema de videovixilancia xa que estaba avariado desde hai anos.

- Estamos a traballar xunto á Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) no proxecto da instalación dunha solución acústica en madeira galega para reducir o ruído no campus. Este proxecto funcionará a modo de laboratorio exterior dentro dos proxectos de innovación e bioeconomía que proxecta a Axencia Galega da Industria Forestal.

- Estamos a construír unha marquesiña na zona central do campus, que se instalará a semana que véne que dará resposta á demanda do alumnado.

- Asinado o convenio con Foro Empresa e Universidade de Vigo para o desenvolvemento de actividades que dinamicen a empregabilidade do Campus Crea. O Foro está composto pola Asociación de Xoves Empresarios (AJE), a Asociación de Empresarios da mediana e pequena empresa da provincia de Pontevedra (AEMPE) e o Foro-Empresa.

- Vimos de presentar a revista International Multidisciplinary Journal CREA. Trátase dunha revista electrónica de investigación arbitrada semestralmente, de acceso aberto, que unicamente publica resultados de investigación/innovación con contribucións significativas nos ámbitos de coñecemento.

que se atopan representados no Campus CREA, Universidade de Vigo. International Multidisciplinary Journal CREA non só recopila resultados de investigación de diferentes disciplinas e enfoques metodolóxicos, senón tamén investigacións realizadas por equipos de investigación interdisciplinarios. International Multidisciplinary Journal CREA (IMJC) abarca todas as áreas de investigación/innovación recollidas no Campus Crea-Universidade de Vigo- a través das seguintes áreas:

Deporte, Saúde e Benestar.
Educación, Innovación Social e Xestión Pública.
Medio Ambiente e Natureza.
Arte, Comunicación e Creatividade.

No eido das infraestruturas no apartado de inversión en infraestruturas e mantemento dos centros do campus, vimos de facer un total de 117 intervencións en todo o ano.

- Seguimos colaborando co Concello de Pontevedra levando a cabo distintas actividades.
- Estase a traballar para facer un curso de verán co Concello de Marín e a Escola Naval pero dependerá da evolución da COVID durante os vindeiros meses.
- Leváronse a cabo reunións para a posta en marcha dunha cátedra de Empresa e quedou posposta para os seguintes meses por mor da situación COVID.
- Está en previsión a mellora da cuberta na Facultade de CC Sociais e da Comunicación.
- Estase a estudar a viabilidade da instalación dun panel móbil no Salón de Actos da Facultade de CC Sociais e da Comunicación, para poder dividilo e potenciar o seu uso.
- Estase a estudar a viabilidade para facer unha aula medioambiental detrás da Facultade de CC da Educación e do Deporte.
- Xa estamos a traballar na creación dun parque de calistenia na zona exterior dos arredores da Facultade de Fisioterapia para todo o campus no que se fomente a práctica deportiva e o respecto ao medio ambiente.
- Fíxose unha limpeza na zona traseira da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- Estamos a levar a cabo dúas exposicións da Real Academia de Belas Artes na sede da vicerreitoría xunto coa da Sala X ubicada na Facultade de Belas Artes.
- Vimos de sacar a concurso diversos cursos e obradoiros.
- Vimos de participar en varias conferencias Universidade/empresa.
- Seguimos coas colaboracións da vicerreitoría con Esdemga, Pont up Store, Novos Cinemas e Semana Galega de Filosofía.

4. Intervención da vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

A vicerreitora comeza a súa intervención amosando un vídeo sobre o Doutoramento CREA. Presenta o plan de comunicación e o documento de pautas xerais para RRSS, indicando que é moi relevante porque é a primeira vez que se fai na Uvigo. Preténdese dar a coñecer todo o que ofrece a Universidade e compartir cos diferentes públicos a actividade de xestión, docencia, investigación e transferencia que se realiza na Uvigo.

A profesora Valderrama lembra que desde a vicerreitoría se pode asesorar ás entidades universitarias no desenvolvemento do seu propio plan de comunicación e recorda a composición do equipo de comunicación da Uvigo.

En definitiva, establece que se leva a cabo unha estratexia de consolidación de marca, tanto para públicos internos coma externos, fomentando a lingua galega, defendendo a igualdade, a sustentabilidade, a internacionalización, a transparencia e o diálogo.

Finalmente, a vicerreitora comenta que na web están colgadas as pautas básicas para as redes sociais. Remata a súa intervención coa presentación da felicitación de Nadal co desexo de que haxa máis luz, simbolizando a esperanza dun ano mellor.

5. Intervención do vicerreitor de Economía

O vicerreitor de Economía presenta as liñas orzamentais para o ano 2021, xa aprobadas.

En liñas xerais o orzamento global baixou un 5% xa que, en grande medida pola situación da COVID, non se fixeron moitas convocatorias.

As liñas orzamentais foron construídas en base ás políticas establecidas en 2019 e 2020: recuperando a paga extra íntegra, o paso do profesorado a 280 horas e a captación de novo talento,

sacando oferta de emprego público e retendo talento e axuntando o salario das figuras predoutorais. Estase pagando o 100% das retribucións de incapacidade temporal; elimínouse a discriminación de catedráticos e titulares na dedicación en función de número de sexenios, estanse a cubrir todas as baixas etc. Tamén se invertiu nos centros da Uvigo, proporcionándolles máscaras, mamparas, xel, e nese sentido se prevén axudas da Xunta de Galicia e do Ministerio.

Con respecto ás políticas de centros, o vicerreitor marca 4 items:

- a) Para todos igual (30%)
- b) Créditos matriculados ponderados: experimentais e non experimentais (60%)
- c) Superficie dos edificios dos centros (10%)
- d) Indicadores (contratos programa, a maiores 20% dos tres anteriores).

De cara ao próximo ano, dado que hai que negociar un plan de financiación novo, se procederá á elaboración de novos criterios de reparto para os centros.

6. Rogos e preguntas

O profesor Enrique Varela agradece ao equipo reitoral o seu traballo e apoio, tamén agradece a Emma Torres a súa axuda no traballo para por en marcha a nova Facultade de Dirección e Xestión Pública.

Carlos Mollinedo lembra que xa había unha defensa acústica na Facultade de CC Sociais e que foi eliminada por estradas do Estado, co que pensa que con repoñer o que había xa era suficiente. Jorge Soto lle responde que esta reclamación da barreira acústica xa viña de antes e que agora se intentou facer unha intervención sobre ese espazo, aproveitando novos tratamentos de innovación e coa colaboración da Escola de Enxeñaría Forestal, e de forma moi barata. Carlos Mollinedo insiste en que non hai nada máis económico que a propia natureza.

Agradece tamén a labor da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Pregunta polo servizo de limpeza nos centros e as súas carencias (sobre todo de persoal) e solicita que se faga un control sobre estas empresas. A esta proposta se suma o Prof. Varela. Por último, Carlos Mollinedo felicita as festas a todos.

A profesora Emma Torres comenta que na Xunta de Facultade se falou do peche perimetral do campus porque hai incidencias ao ter que ter as ventás abertas e agradece que se trate este tema con urxencia. En canto ao tema do tabaco, dado que a xente se xuntaba na entrada da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación valora a campaña de comunicación moi positivamente pero pensa que é unha responsabilidade case individual e pregunta pola posibilidade de buscar un espazo disuasorio. En canto á xestión da limpeza no campus, súmase á petición de Mollinedo de que exista un maior control. Tamén concorda en que o tema de copistería non está a ser moi operativo e confía en que se solucione pronto. Por último, ofrece todo o seu compromiso para que os compañeiros de Dirección e Xestión Pública poidan desenvolverse na nova Facultade e reitera que se necesitará apoio da reitoría.

O vicerreitor Soto reitera a disposición a colaborar entre as dúas facultades. En canto ao tema do tabaco comenta que é complicado porque está prohibido fumar no acceso dos centros escolares e é unha responsabilidade individual; indica que hai que esperar a ver cómo evoluciona a campaña. Por último, Jorge Soto indica que o Concello de Pontevedra está a negociar con Fomento a cesión da estrada, así este espazo pasaría a formar parte do anel de acceso de Pontevedra e que a vicerreitoría do campus está a traballar para mellorar esa situación da contaminación acústica dentro das limitacións que existen.

O reitor pecha a sesión concordando co vicerreitor Soto en canto á intención do Concello de Pontevedra para asumir a titularidade dese espazo da estrada e colaborar para intentar minimizar o ruído. Agradece tamén a boa disposición dos dous decanos Torres e Varela. Lembra que co esforzo de toda a comunidade universitaria, a pesares de todas as dificultades diarias, os resultados están a ser moi bos, tanto dende o punto de vista da docencia, da investigación, da transparencia... co que está moi agradecido e felicita as festas a todos e a todas.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada